

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 16, 16-20

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

– «Un pouquiño e xa non me veredes; e outro pouquiño, e volverédesme ver.»

Comentaron entón algúns dos seus discípulos:

– «¿Que é isto que nos di “un pouquiño e xa non me veredes; e outro pouquiño, e volverédesme ver”? ¿E iso de “porque vou onda o Pai”?».

E dicían:

– «¿Que é ese “un pouquiño”? Non sabemos o que quere dicir.»

Coñeceu Xesús que lle querían preguntar e díxolles:

– «¿Matinades entre vós acerca disto que vos dixeron: “Un pouquiño e xa non me veredes, e outro pouquiño e volverédesme ver”?»

Con toda verdade volo aseguro: choraredes e lamentarédesvos, mentres que o mundo se alegrará. Vós estaredes tristes, mais a vosa tristura volverase alegría.»